

Convocatoria da Sesión Ordinaria da Xunta Goberno Local para o 22 de outubro de 2018 (XGL 22/2018)

Conforme ó ordenado pola Alcaldía en Resolución núm. 2678/2018 de 18/10/2018, e de acordo co previsto no art. 3.2 a) do R.D. 128/2018, como membro do seguinte órgano colexiado deste Concello, convócaselle á sesión **Ordinaria** da Xunta de Goberno Local que terá lugar na Sala de sesións do Concello de Carballo o **día 22 de outubro de 2018, ás 13:30 horas** en **primeira convocatoria**, e de non haber “quórum” suficiente, en segunda convocatoria unha hora despois.

Asi mesmo informáselle que a copia do borrador da Acta da sesión anterior foille remitida en formato PDF ó enderezo electrónico que consta na copia da notificación da convocatoria. Do mesmo xeito, comunícaselle que a partir desta data está á súa disposición, nesta Secretaría Xeral, a documentación dos asuntos que se inclúen na Orde do Día da presente convocatoria.

Sesión de: Xunta de Goberno Local	Data da sesión: 22-10-2018
Convocatoria: Sesión Ordinaria 22/2018	Hora: 13:30

1. Acta da sesión anterior (08/10/2018). Aprobación

2. Publicacións boletíns oficiais.

3. Decretos. Dación de conta.

4. Acordo de colaboración entre o CEIP NÉTOMA RAZO e o Concello de Carballo para o uso do pavillón deportivo do centro educativo. Aprobación.

5. Facturas. Aprobación e pago.

6. Garantías.

- 6.1. Devolución avais nº 05/12, 16/15 e fianza metálico SIA320170000002 depositados para responder do contrato administrativo de servizo: organización e vixiancia do espazo público onde se desenvolve o mercado de ambulantes da Milagrosa (SAT 23/2011).

7. Responsabilidade patrimonial.

- 7.1. Expediente de reclamación de responsabilidade patrimonial por danos materiais no edificio da rúa Cervantes, 3-4, como consecuencia da rotura dunha tubería de auga (RPA 06/2018). Resolución.

8. Vaos.

- 8.1. Vao permanente na rúa Río Sil, núm. 22, baixo. Autorización.
8.2. Vao laboral na rúa Vila de Noia, núm. 70-72, baixo. Autorización.

9. Licenzas de obra.

- 9.1. Construción dun lucernario na cuberta do colexio Artai, na avenida de Razo, núm. 89, de Carballo. Expte. 2018/U022/000075.
9.2. Modificación de licenza de obra para instalación de liña de media tensión soterrada na Avda. de Malpica. Expte. 2017/U022/000057. Obra Maior.
9.3. Construción de vivenda unifamiliar, con demolicións de edificacións existente, na rúa Garzas, en Arnados, Razo. Expte. 2018/U022/000070.
9.4. Construción de almacén de apeiros e maquinaria agrícola no lugar de Vilar de francos, núm. 5, parroquia de Artes. Expte. 2018/U022/000077.

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO - A Coruña



Exp. 2018/G007/000022

- 9.5. Demolición de cobertizos e construción de edificación auxiliar de uso agrícola no lg. de Razo da Costa, núm. 62. Expte. 2018/U022/000078.
- 9.6. Proxecto de execución de vivenda unifamiliar situada no Lg. Lagarteira, Sofán. Expte. 2017/U022/000004.
- 9.7. Instalación de cruceiro na Capela da Milagrosa. Expte. 2018/U022/000067.

10. Expedientes de contratación. Aprobación.

- 10.1. Contrato administrativo de obras de "Reurbanización del entorno en el Forum. Ayuntamiento de Carballo" (OBR. 26/2018).
- 10.2. Contrato administrativo de obras de "Asfaltado de accesos a varias viviendas" (OBR. 27/2018).

11. Expedientes de contratación. Adjudicación.

- 11.1. Contrato administrativo de obras de "Reurbanización da rúa Cándido González Tiradas, fase I" (OBR. 08/2018) incluída no Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Único de Concellos) Adicional 1/2017.
- 11.2. Contrato administrativo de obras de "Reurbanización da rúa Cándido González Tiradas, fase II" (OBR. 09/2018) incluída no Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Único de Concellos) Adicional 1/2017.

12. Expedientes de contratación. Modificación.

- 12.1. Contrato administrativo de servizos do "Programa de exercicio físico para maiores de 60 anos" (SAT 28/2014). Prórroga.
- 12.2. Contrato administrativo de obras "Instalación deportiva para skate-praza no entorno da biblioteca Rego da Balsa" (OBR. 35/2017). Modificación nº 1. Prórroga prazo de execución.

13. Rogos e preguntas.

O que se notifica ós correspondentes efectos.

En proba da recepción da convocatoria e a orde do día, no seu caso, sírvase asinar a presente.

Documento asinado dixitalmente, en Carballo, na data que figura ao marxe.

O Secretario
D. José Villán Fuertes